

ORDENANZA FISCAL I1

Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

Artigo 1º. Fundamento Legal.

De conformidade co previsto nos artigos 60 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o Texto da Lei Reguladora das Facendas Locais, fíxase o tipo de gravame aplicable neste Municipio ó Imposto sobre Bens Inmobles. Asimesmo, regulanse as bonificacións existentes no imposto e as normas de xestión tributaria nos supostos de liquidación do imposto por exercicios con dereito a percibir non prescritos.

Artigo 2º. Tipo de gravame.

1. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza urbana fíxase no 0,80 por 100.
2. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza rústica fíxase no 0,54 por 100.

Artigo 3º. Bonificacións.

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e non figure entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que , en *ningún caso*, poida exceder de tres períodos impositivos.

2. As vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme a normativa da Comunidade Autónoma disfrutará dunha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do otorgamento da calificación definitiva.
3. Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica titularidade de Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra, nos termos regulados no artigo 33.4 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

4. Gozarán de bonificación os suxeitos pasivos que ostenen a condición de titulares de familia numerosa na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que estea empadroadado, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa	% bonificación se valor catastral menor ou igual que 10.00 €	% bonificación se valor catastral entre 10.001 € a 15.000 €	% bonificación se valor catastral entre 15.001 a 25.000 €.
1ª	30	15	5
2ª	40	25	15
Honor	50	35	25

Para a aplicación das bonificacións será requisto imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar:

- a) O empradonamento na vivenda de solicitude.
- b) A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

Non se poderá aplica-la bonificación a máis duna vivenda por titular.

5. Para disfrutar da bonificación do número 1º deste artigo os interesados deberán solicitar a súa concesión acreditando os seguintes extremos:
- a) A data de inicio e fin das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do Técnico-Director das mesmas, visado polo Colexio Profesional.
 - b) Que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria, mediante a presentación de copia autenticada dos estatutos da sociedade.
 - c) Que o inmovible obxecto de bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante copia autenticada do último balance incorporado na declaración polo Imposto sobre Sociedades, no seu caso; ou certificación do titular ou Administrador da Sociedade.
6. As bonificacións reguladas neste artigo son rogadas, polo que deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do Imposto que, en todo caso, non poderá alegar analogía para extende-lo seu alcance mais aló dos termos estrictos en que figuran recoñecidas.
7. O efecto da concesión de bonificacións produciráse a partir do exercicio seguinte á data de solicitude e non terá carácter retroactivo.

Artigo 4º. Normas de xestión no suposto de variacións de orde física, económica ou xurídica.

1. As variacións de orde física, económica ou xurídica, incluíndo as modificacións de titularidade terán efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se produzan.
2. Cando ó Concello lle conste a conclusión de obras que orixinan unha modificación do valor catastral do inmovible con respecto ó figurado no Padrón liquidará o Imposto na data en que a Xerencia Territorial do Catastro notifique o novo valor catastral.
3. A liquidación do Imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios devengados e non prescritos, entendendo por tales os comprendidos entre o exercicio de efectividade da resolución da Xerencia e o presente exercicio.
4. Ós efectos de determinación da base imponible correspondente a cada exercicio anterior a aquel para o que a Xerencia a determinase aplicaranse os índices xerais de actualización aprobados para cada un dos exercicios a liquidar.
5. No seu caso deducirase da liquidación correspondente a cada exercicio a cota liquidada e satisfeita polo Imposto en razón a outra configuración do inmovible, sempre que exista identidade de suxeito pasivo.
6. Para o aboamento das cotas correspondentes a exercicios anteriores ó presente o Concello propondrá o fraccionamento de cotas, con aboamento de xuros de demora a que se refire o artigo 58.2 b) da Lei Xeral Tributaria, nos termos establecidos no artigo 48 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación. A estes efectos considerárase garantía suficiente do fraccionamento o propio inmovible constitutivo do feito imponible do Imposto, para as débedas tributarias acumuladas de contía inferior a 3.305,57 Euros.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: O artigo 2 foi modificado por acordo plenario de 17 de novembro de 2008 e publicado definitivamente no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: o artigo 2 foi modificado por acordo plenario de 9 de novembro de 2011 e publicado definitivamente no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011

DILIXENCIA: o artigo 2 foi modificado por Real Decreto-Lei 20/2011, e posteriormente revogada a modificación anterior por acordo de 16 de xaneiro de 2012, con publicación no BOP número 24 de 30 de xaneiro de 2012